



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XANEIRO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. Cristina Cadena Freire.</p> <p>ASISTEN VIDEOCONFERENCIA :</p> <p>Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Dn. Emilio Mesías Farías.</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta minutos do día vintenoventa de xaneiro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Ratificación cambio data sesión ordinaria.

Sometida a votación a ratificación cambio data sesión ordinaria o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Aprobación se procede da sesión ordinaria do día 30-11-2020.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión plenaria do día 29-12-2021 o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Dar conta prórroga orzamento 2020.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 16/2021 "Prórroga Orzamento 2020" de data 15 de Xaneiro de 2021 do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 16/2021 de 15-01-21





Prórroga orzamento 2020.

Considerando que non resultou imposible cumprir, antes de 31 de decembro de 2020, os trámites necesarios para que o Orzamento do próximo exercicio entrase, en vigor o 1 de xaneiro de 2021,

Vista a normativa seguinte:

O artigo 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.

O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Considerando o principio orzamentario de anualidade, tamén denominado de especialidade temporal, no que cada Orzamento constitúe un cadro independente e separado do correspondente a outro exercicio económico ao desprezar os seus efectos durante o exercicio orzamentario coincidindo este con o ano natural, e ao terminar o ano, a vida orzamentaria extingúese para renacer, ao comezo do exercicio seguinte, un novo Orzamento aprobado.

Considerando que a Lei prevé que se por calquera motivo, ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o Orzamento correspondente, de conformidade co establecido no artigo 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por R al Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, co límite dos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen sobre o orzamento prorrogado conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 de devandito Texto Refundido, e até a entrada en vigor do novo Orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados tendo estes a condición de non prorrogables.

RESOLVO

PRIMEIRO. Procederá prórroga do orzamento para o ano 2021 do orzamento 2020 ata a entrada en vigor do mesmo (publicado no BOP núm. 6 de 9 de xaneiro de 2019 aprobación inicial).

Estado de Ingresos 6.036.462,06 Euros. Estado de Gastos 6.016.092,29 Euros.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio I. Iglesias Redondo en Ares a 15 de xaneiro de 2021, do que eu Secretario certifico e dou fe.

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 4.- Dar conta PMP e Morosidade 4º Trimestre do 2020.





Dáse conta do informe sobre PMP e morosidade do 4º trimestre do 2020, o cal presenta o seguinte resume:

Ares.
Ratio Operaciones pagadas: 44,00
Importe Pagos realizados: 1.299.753,95€
Ratio Operaciones Pendientes:
Importe Pagos Pendientes: 514.716,57€

PMP Global:

Importe Pagos Realizados: 1.299.753,95€
Importe Pagos Pendientes: 514.716,57€

PMP: 41,06

Pagos realizados durante o trimestre

Dentro do Período legal de Pago
693.690,44€
Fora do Período legal de Pago
609.846,36€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre

Dentro do período legal de pago a final do trimestre
440.524,52€
Fora do período legal pago a final do trimestre
96.609,78€

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 5.- Aprobación POS + 2021.

Dáse conta do ANEXO I "Certificación do acordo plenario de aprobación do plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal"

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

"POS+ 2021"

D.

MANUEL LARROSA RODRIGUEZ





secretario/a do Concello de ARES

CERTIFICA : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día 29/01/2021 , adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	8436,22	13678,04	22.114,26
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	8436,22	13678,04	22.114,26

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	80.189,86
Subtotal gasto corrente	80.189,86

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento
------------------------	-------------------------------





Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Adecuación depósito os Castros e Instalación Grupo de Presión	134.265,64	15.497,61	149.763,25
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2020			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
BANKIA	31.968,01
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	31.968,01

E) Resumo:





SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	22.114,26		22.114,26
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021			
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	80.189,86		80.189,86
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	134.265,64	15.497,61	149.763,25
	Achega 2020			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	31.968,01		31.968,01
TOTAL	Achega 2021	134.265,64	15.497,61	149.763,25
	Achega 2020	102.304,12		102.304,12





	Préstamo 2021	31.968,01		31.968,01
	TOTAL	268.537,77	15.497,61	284.035,38

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proyecto básico y de ejecución de Mejora de eficiencia energética del campo de fútbol de Ares-Iluminación	58.834,46
Proyecto básico y de ejecución de Aparcamiento -Club de Tenis Redes	68.616,77
Proyecto básico y de ejecución de urbanización y desvío del camino colegio según -PXOM	51.456,43
TOTAIS	178.907,66

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.





5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, ____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.

A Alcaldía

Sometida a votación a “**Aprobación POS + 2021**” o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 6.- Aprobación petición subvención ó IDAE.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto retirase do orden do día.

Toma a palabra a Sra. Marcos García sinalando que a orden que concede as axudas do IDEA da liberdade as comunidades autónomas para destinalo a entidades locais ou non. O 4 de novembro saíu no DOGA que esta convocatoria non vai dirixida a entidades locais, chamamos e nos informaron de a convocatoria dirixida as entidades locais publicaríase a mediados de ano, agora xa está feito pero a presentaremos a mediados de ano.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario si hai que votar a retirada do punto.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, que o pode retirar o Sr. Alcalde sen votación.

O Sr. Alcalde retira o punto 6 do orden do día porque esta convocatoria de axudas do IDAE non vai dirixida a entidades locais, a convocatoria atrasouse e en canto sexa convocada virá ao pleno a obra do IDAE que é a envolvente do pavillón municipal (eficiencia enerxética).

Punto núm. 7.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.





De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolúcións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 8.- Mocións-Propostas

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a moción presentada "Creación dun fondo extraordinario nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2021 destinados a loita contra a pandemia da Covid-19" vai destinada a loita contra a pandemia, esta moción está na actualidade porque estase aprobando este fondo e creo que vai a haber un consenso parlamentario sobre o mesmo polo tanto, si estamos todos de acordo retiramos a moción porque isto lle corresponde a entidade autonómica e por suposto ao estado que tamén terá que facer o seu fondo de rescate e aí pois efectivamente definir cal sería o papel das entidades de máis de 20000 habitantes que se está falando da aportación do 1% do orzamento e cal sería o papel das entidades de menos de 20000 habitantes que é onde nos atopamos que se supón que teríamos que facer un esforzo proporcional a nosa capacidade económica. Como parece que este punto está en vía de consenso e de debate no ámbito do parlamento autonómico eu case retiro a moción si estades de acordo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que efectivamente era o que ía a solicitar precisamente porque as redaccións xa están obsoletas e creo que hoxe estanse a reunir e van a chegar a un acordo e creo que non debemos debater sobre este tema senón acollernos ao acordo da xunta, deputacións, concellos e FEGAMP e si hai un acordo ratificarnos e pódese levar como vía institucional ao pleno e aprobalo por unanimidade.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que efectivamente ían a solicitar a retirada da moción mentres están en negociacións porque como ven di o Sr. Alcalde parece que vai a haber un consenso e unha vez que se aprobe mirar de que maneira nos vai a afectar ao concello e segundo iso tomar unha determinación ou ben asumir a mesma moción ou ben, dependendo da nosa realidade das nosas capacidades, facer unha pequena variación do que puidera ser a proposta que veña de arriba polo tanto, creo que e bo retirala.

Unha vez rematadas as roldas de intervención o Sr. Alcalde manifesta a retirada da moción e pregunta si hai algunha pola vía de urxencia.

Punto núm. 9.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Sra. Cadena Freire.

Intervén a Sra. Cadena Freire facendo un rogo, si sería posible acondicionar o paseo da praia de Redes xa que as persoas maiores pasean por alí e non se poden sentar porque está todo cuberto de maleza.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que hai que poñerlle solución a iso, o mellor sería poñerlle un respaldo aos bancos.





Toma a palabra a Sra. Marcos García dicindo no talud se podería meter unha malla porque aínda que poñas respaldos aos bancos a maleza se bota igual.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en menor medida, pero habería que meter unha malla de dous metros.

O Sr. Alcalde pregunta se o alumeado funciona ben.

Responde a Sra. Cadena Freire dicindo que non, que a primeira vai ben e as dúas segundas apáganse e préndense de repente.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o di porque moitas veces vou por alí de noite e coincidíume que non había luz, entón cádrame que aquilo non funcione moi ben polo tanto, hai que revisar a instalación do alumeado e estudar a maneira de instalar unha maia neses dous metros de cómaro hai que buscar unha solución porque chega o verán e para cando limpamos xa é xullo.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra cuestión.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en correos veñen dous veces o furgón a facer o reparto era para saber si podería poñer un aparcadoiro exclusivo no horario laboral de 08:00h a 15:00h ou de 08:0h a 14:00h porque atravesa alí e ten que deixalo media hora e quere saír un coche e se monta aí un lío ca xente a proposta é poñer un aparcadoiro exclusivo en horario de oficina.

A segunda pregunta e en relación a unha casa en Chanteiro que presentou un escrito duns árbores que non se lle contestou, como está o expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e dez minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

